

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de O Porriño para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional das familias profesionais de Edificación e obra civil e Industrias extractivas

05/06/2023

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, representada por don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e o 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra, o Concello de O Porriño, representado por don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Alcalde-Presidente, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. En diante "O Concello".

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- c) A colaboración formalizarase mediante convenio.

Así mesmo, recolle no seu artigo 19 que as ofertas de accións formativas de formación profesional irán dirixidas á adquisición e á mellora das competencias e das cualificacións profesionais, promoverán a formación permanente e organizaranse en ciclos formativos e en cursos para unha maior especialización ou formación específica para determinados

colectivos, co fin de que as persoas avancen no seu itinerario de formación profesional independentemente da súa situación en cada momento.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

4. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, especifica no seu artigo 55 que o carácter dual da formación profesional se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación, e que se promoverá a corresponsabilidade coa formación profesional dos centros e das empresas ou dos organismos equiparados.

5. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de O Porriño están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito

O presente Convenio ten por obxecto plasmar as condicións polas que se levará a cabo a colaboración entre o Concello de O Porriño e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o desenvolvemento de ensinanzas das familias profesionais de Edificación e obra civil e Industrias extractivas no concello.

Para levar a cabo o obxecto do presente convenio, as partes asinantes comprométense ao seguinte:

1. O Concello de O Porriño comprométese a:
 - Ceder ou por a disposición, de maneira gratuíta, instalacións para o desenvolvemento da mencionada actividade formativa, en particular, aquelas de carácter eminentemente práctico. Ditas instalacións estarán situadas no multicentro na parroquia de Torneiros. Xúntanse como anexo planos da nave e das instalacións.
2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a:
 - Xestión, execución e desenvolvemento de todas as accións formativas.
 - O coidado e mantemento das instalacións empregadas para o desenvolvemento das accións formativas.
 - A posta a disposición dos recursos materiais e tecnolóxicos necesarios para o desenvolvemento das accións formativas.

Segunda. Competencia do Concello de O Porriño

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Terceira. Compromisos económicos

A sinatura do presente convenio non supón para o Concello de O Porriño a asunción de ningún compromiso financeiro.

Cuarta. Autorizacións de uso de espazos

O Concello facilitará a autorización de uso dos espazos municipais exclusivamente para o desenvolvemento das mencionadas actividades.

A autorización de uso de espazos municipais farase sen prexuízo da obriga do debido control e cumprimento das normas de aforo establecidas en cada momento polas autoridades competentes e serán responsabilidade exclusiva da entidade colaboradora independentemente da titularidade do espazo onde se desenvolva a actividade.

A autorización de uso de espazos non supón obriga algunha por parte da administración de levar a cabo ningún tipo de reforma, acondicionamento ou intervención nos espazos facilitados, que deberán ser utilizados nas condicións habituais dos mesmos.

O outorgamento da autorización de uso farase a salvo o dereito de propiedade, que sempre será municipal, e sen prexuízo de terceiros.

O Concello facilitará o espazo para o desenvolvemento da actividade correspondente, así como os medios para garantir o acceso ás mesmas sendo responsabilidade da entidade colaboradora garantir o bo uso das instalacións e repoñendo calquera dano que poida producirse nos accesos e no desenvolvemento da actividade.

En caso de producirse danos nas instalacións ou nalgún material municipal, a entidade colaboradora deberá sufragar a súa reparación.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes do Concello de O Porriño.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actuará como secretaria.

Será a Concellería de Formación e Emprego do Concello de O Porriño quen realice o seguimento e avaliación en canto á consecución dos obxectivos das actividades e a súa promoción.

Sexta. Réxime de modificación del convenio

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes, sempre que non supoña un incremento do coste das actividades a desenvolver. A modificación incorporárase como parte inseparable do texto do convenio.

Sétima. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Oitava. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

No caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.
- Por calquera outra causa prevista nas leis.

Novena. Importe económico

A sinatura deste convenio non conleva ningún tipo de gasto para a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

O alcalde-presidente do Concello de O
Porriño

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso



ANEXO I

PLANO DE SITUACIÓN

FOTOGRAFÍAS DO INTERIOR

FOTOGRAFÍAS DO EXTERIOR

COMUNICADA DE GALICIA
 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE OCU, TURISMO, EDUCACIÓN, POLÍTIKA E INDUSTRIA
 SERVIZO DE PROTECCIÓN DE BIENES CULTURAIS
 Dirección: Xunta de Galicia, Praza de Galicia, 1, 15706 Santiago de Compostela, Galicia
 Teléfono: 981 123456
 Correo electrónico: xunta@xunta.es

COMUNICADA DE GALICIA
 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE OCU, TURISMO, EDUCACIÓN, POLÍTIKA E INDUSTRIA
 SERVIZO DE PROTECCIÓN DE BIENES CULTURAIS
 Dirección: Xunta de Galicia, Praza de Galicia, 1, 15706 Santiago de Compostela, Galicia
 Teléfono: 981 123456
 Correo electrónico: xunta@xunta.es

PROXECTO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DO TALLER DE CANTERÍA
 LOCALIZACIÓN: POL. ECONÓMICO TORREIROS - O PORRIÑO
 Nome: TALLER DE CANTERÍA - POL. ECONÓMICO TORREIROS - O PORRIÑO
 Nome do Proxecto: PROXECTO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DO TALLER DE CANTERÍA
 Nome do Proxecto: PROXECTO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DO TALLER DE CANTERÍA

ARQUITECTA
 Rosa Mª Sainza Linares

DATA
 Febrero - 2023

ESCALA
 1:1.000

NÚMERO
 A-00



